



Xosé María Díaz Castro naceu nos Vilares de Parga-Guitiriz no ano 1914. De orixe labrega, ingresou no Seminario de Mondoñedo aos dezasete anos, mais abandonou a formación eclesiástica en 1936 para se dedicar ao ensino privado en Vilagarcía de Arousa. Cursou a carreira de Filosofía e Letras na especialidade de linguas modernas e en 1948, unha vez licenciado, marchou a Madrid, para traballar como tradutor en diferentes institucións oficiais e editoras (coñecía case todas as linguas europeas).

En 1961, quince anos despois de lle ser premiada a composición *Nascida dun sono* nun certame en Betanzos, viu a luz o seu único libro, *Nimbos*, que o convertiu nunha das voces poéticas máis destacadas das letras galegas do século XX; porén, os seus primeiros poemas xa apareceran na *Escolma de poesía galega, IV. Os Contemporáneos*, editada por Galaxia en 1955. A singularidade do seu posicionamento estético e ideolóxico e a forza expresiva dos seus versos concédennlle un lugar destacado no panorama da poesía de posguerra.

O universo lírico de Díaz Castro xira á volta do ser humano, o amor, a vida, a morte e o tempo. Tamén encontran espazo na súa escrita a relixiosidade (enfocada desde o ascetismo e desde a necesidade de aprofundar na esencia das cousas) e a preocupación por Galiza; por veces, recorre á paisaxe dunha maneira simbólica para introducir a súa visión sobre a realidade do país.

Díaz Castro revelouse como un grande mestre da técnica versificadora e dos recursos estilísticos. Un dos principais trazos característicos da súa obra, fortemente influída pola lectura dos clásicos antigos e modernos, é a cuidada selección do léxico (a pesar de tender para o emprego de ruralismos e dialectalismos) e o evidente interese pola lingua, que se manifesta nunha poesía elegante e sinxela.

Tras unha vida entregada á investigación, ao ensino e á tradución, o poeta lugués faleceu en Lugo en 1989.

<http://bvg.udc.es/>

A nosa Lingua, identidade que nos fará soñar

I Quedada literaria 2014 de Vigo e Bisbarra

15 M
A
I
2014 O


LECTURA: Parque de castrelos
dende as 10:00 até 11:45 h
CLAUSURA: Soledad Concepción Arenal
nos xardíns do Pazo de Castrelos
a partir das 12:00 h



CONCELLO
DE VIGO



Grupo 1	 1. IES PINO MANSO
	1. IES O CASTRO 
Grupo 2	 2. IES PINO MANSO
	2. IES O CASTRO 
Grupo 3	 5º/6º CEIP O CHOUZO
	5º/6º CEIP FRIAN TEIS 
Grupo 4	 2º CEIP RÍA DE VIGO
	2º CEIP FRIAN TEIS 
Grupo 5	 1. 4º CEIP O POMBAL
	1. 5º CEIP CARRASQUEIRA 
Grupo 6	 2. 4º CEIP O POMBAL
	2. 5º CEIP CARRASQUEIRA 
Grupo 7	 1º CEIP RÍA DE VIGO
	4º CEIP SANTA MARIÑA 
Grupo 8	 5º CEIP O CHOUZO
	4º CEIP SANTA MARIÑA 
Grupo 9	 4/5 ANOS CEIP RÍA DE VIGO
	8 INTEGRANTES IES O CASTRO 



ACTO CLAUSURA presentado por Uxía Blanco

- CEIP O POMBAL**
 - Candela 4º de Primaria, escribiu unha carta de amor os libros.
 - Os nenos e nenas recitarán as poesías escritas por Area, Breixo, Malena e Simón mentres as e os seus compañeiros mostrarán nunhas cartolinas algún motivo relacionado con elas.
- CEIP CARRASQUEIRA**
 - Representación dun conto do libro de Xabier Docampo "A nena de auga e o príncipe de lume."
- CEIP EMILA PARDO BAZÁN**
 - Cantan a canción "Catro Vellos Mariñeros"
- IES O CASTRO**
 - Cantan a canción Somos o Castro.
- CEIP FRIAN TEIS**
 - Terceiro ciclo: dous poemas de Antón García Teijeiro: *O mar e Polas ondas un navío.*
 - Segundo Curso de primaria: *Cormarín.*
- CEP SANTA MARIÑA de REDONDELA**
 - Cantan o Rap, de Migallas
- IES PINO MANSO DO PORRIÑO**
 - Leran "Na oficina de obxectos perdidos", un diálogo que se atopa no libro Made in Galiza de Séchu Sende
- CEIP RÍA DE VIGO**
 - Recitarán Poemas de Arte
 - O alumnado de 4 anos: "A habitación de Arles"
 - O alumnado de 5 anos: "Os girasoles"
 - O alumnado de 1º e 2º de primaria: poemas sobre as "Meninas"
- IES O CASTRO (grupo de Contacontos)**
 - Os contos elixidos polo alumnado son:
 - 1 - 4 de infantil A que sabe a lúa?. Alumn@s de 2º de ESO
 - 2- 5 de infantil . A galiña roxa. Alumn@s de 3º de ESO.

HORARIO

1. Chegada	10:00 h
2. Lectura individual	10:30-10:45 h duración 15 min
3. Lectura compartida	10:45-11:15 h duración 30 min
4. Recomendacións L.	11:15-11:30 h duración 15 min
5. Merenda	11:30-11:45 h duración 15 min
6. Clausura	12:00-13:00 h duración 60 min
7. Saída	13:00 h

ORGANIZADO:



CIEP Manuel Antonio
Avd.Madrid , s/n
CP: 36214 Vigo - Pontevedra

COLABORA::

- * Servizo de Normalización Lingüística
- * Concellería de Educación

CONCELLO
DE VIGO

